

1. INTRODUCCIÓN Á XUSTIFICACIÓN DAS PRESTACIÓNS DE TIPO 4.1.b.2º E 4.1.b.3º

Toda a documentación xustificativa da realización das actuacións deberá presentarse electronicamente, responsabilizándose a persoa interesada na veracidade dos documentos que presenten. No caso de presentación presencial dun documento, deberá emendalo a través da súa presentación electrónica sendo a data de presentación a da presentación electrónica.

Nestes caso deberá indicarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente si dispón del.

Os código do órgano responsable é o da Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social:
A12X01317

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A documentación relativa a este procedemento de xustificación estará dispoñible na páxina web da Consellería de Política Social, desde este enlace ao portal de Política Social.

<https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/axudas/orde-do-21-de-xullo-de-2022-pola-que-se-establecen-bases-que-rexeran-concesion-de>

Período subvencionable e prazos para a xustificación

Data máxima de presentación de xustificación	Período para realización das accións
15 de maio de 2023 (incluído). Pode achegarse a xustificación final cando rematen as actuacións, sen esperar a data máxima límite de presentación de xustificacións.	Desde 1 de xullo de 2022 ao 30 de abril de 2023 (ambos incluídos)

2. Xustificación das actuacións de apoio á inclusión sociolaboral

Requisitos para optar a subvención Realizar as prestacións obrigatorias do servizo de apoio a inclusión sociolaboral da Carteira de servizos de Inclusión Social.

Segundo sexan prestacións de inclusión básica ou de transición ao emprego estas prestacións serán

Si son actuacións de apoio á inclusión sociolaboral básica é obrigatorio realizar

- A diagnose
- Deseño
- Seguimento
- Avaliación do proxecto de inclusión social e/ou laboral,
- Acompañamento social
- As accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais.

Si son de apoio a inclusión sociolaboral de transición ao emprego é obrigatorio realizar

- A diagnose
- O deseño
- Seguimento
- Avaliación do proxecto de inclusión social e/ou laboral,
- Acompañamento social
- As accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais
- Accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral

Cantidade subvencionable O modulo é de 22,97 €/hora para a inclusión básica e 26,80 €/hora para a de transición ao emprego, con un máximo de 1.433 horas. A cantidade máxima subvencionable é de 39.000€ por actuación en todo o período.

No caso de non realizar a totalidade das horas ou acreditar menos persoas atendidas redúcese a contía.

Requisitos específicos Ter atendidas a 33 persoas, das cales o 60% ten que ter realizadas todas as prestacións obrigatorias (sinaladas anteriormente). No caso de ser persoas en situación de exclusión severa, son suficientes 13 persoas que teñan as actuacións obrigatorias do servizo específico.



Documentación a presentar

Documentación a presentar para os **servizos rematados**

- Solicitud de pagamento final: **Anexo V** (a disposición na SEDE electrónica)
-
- Declaración responsable no **Anexo VI** (a disposición na SEDE electrónica)
- Memoria económica e xustificativa no **Anexo VII** (a disposición na SEDE electrónica)
- Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas no **Anexo IX** (a disposición na SEDE electrónica) **ou Documentación acreditativa** das ditas circunstancias, en caso de oposición da persoa traballadora.
- **Follas mensuais** comprensivas da totalidade das horas dedicadas o programa, asinadas polo traballador/a e a persoa responsable da entidade, na que conste un resumo do total de horas nos períodos subvencionados:
https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_follas_mensuais_horas_traballador_2022.xls
- Memoria da actuación segundo **Anexo VIII** (Publicado xunto co texto da Orde de convocatoria)
- No caso de ser unha actuación dirixida a **persoas sen fogar e/ou que estean en situación de exclusión severa, certificado** emitido por profesional competente acreditando esta situación:
https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_modelo_certificado_exclusion_severa_2022.doc
- Acreditación do nº total das persoas atendidas en todo a actuación subvencionada. A acreditación realízase a través dos seguintes documentos:
 - Persoas que **non acadasen as actuacións obrigatorias**
 - ✓ Declaración responsable no modelo establecido pola Dirección Xeral de Inclusión de que se cumprimentaron os indicadores de produtividade. **Anexo X:**
https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_anexo_x_bs631a_2022.doc
 - Persoas que **acadasen as actuacións obrigatorias** actuacións
 - ✓ Declaración responsable no modelo establecido pola Dirección Xeral de Inclusión. Documento que acredita que as persoas realizaron as prestacións obrigatorias, que **se extrae da aplicación** informática de INCLUSIÓN SOCIAL



3. Xustificación das actuacións de formación adaptada e participación social

Requisitos para optar a subvención	A regra xeral é que as accións formativas se inclúan no itinerario de inclusión básica ou de transición como unha acción promotora do acceso e permanencia no mercado laboral.
	No obstante, e de xeito excepcional subvencionaranse fora do itinerario a alfabetización dixital, a formación de preparación para as competencias clave, preparación da ESO ou ESA.
Cantidade subvencionable	O modulo é de 26,80 €/hora. A cantidade máxima subvencionable é de 39.000€ en todo o período da convocatoria.
Requisitos específicos	5 participantes teñen que ter acreditadas a asistencia dun mínimo do 60% do total das horas de formación
Documentación a presentar	Documentación a presentar para os servizos que rematan financiación
	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud de pagamento final: Anexo V (a disposición na SEDE electrónica) • Declaración responsable no Anexo VI (a disposición na SEDE electrónica) • Memoria económica e xustificativa no Anexo VII (a disposición na SEDE electrónica) • Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas no Anexo IX (a disposición na SEDE electrónica) ou Documentación acreditativa das ditas circunstancias, en caso de oposición da persoa traballadora. • Memoria da actuación segundo Anexo VIII (Publicado xunto co texto da Orde de convocatoria) • Partes de asistencia das actuacións realizadas onde conste o nº de horas de formación asinados pola persoa participante, o/a responsable técnico da actuación e o responsable da entidade: https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_modelo_parte_de_asistencia_2022.xls https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_instrucons_cumprimento_parteasistenciaeaxuda2022.pdf • Declaración responsable no modelo establecido pola Dirección Xeral de Inclusión de que se cubriron os indicadores de produtividade, Anexo X para formativas https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_anexo_x_formativas_e_participacion_2022.doc • Folla resumo mensual asinados polo responsable da entidade e o docente, das horas realizadas SOLO de forma telemática ou non presencial. Neste caso é necesario deixar constancia evidente do efectivo desenvolvemento da actividade (capturas de pantalla, exercicios enviados e respondidos, etc...) https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_follas_mensuais_horas_traballador_2022.xls

Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social para os anos 2022 e 2023, financiadas parcialmente con fondos REACT-UE como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS631A)

Avaliación dos cursos

As entidades que desenvolvan actuacións **formativas adaptadas de acceso e permanencia no mercado laboral incluíndo**, achegaráselles uns modelos de enquisas para a avaliación das ditas actuacións. As entidades poderán empregar, para dita avaliación, modelos de enquisas de valoración propios que xa formen parte do protocolo de actuación da entidade subvencionada ou ben os que se lles facilite desde esta Subdirección. Os modelos de enquisas están dispoñibles na web de Política Social, baixo o título **Modelos para a avaliación de formación adaptada e permanencia no mercado laboral, no seguinte enlace:** <https://politicassocial.xunta.gal/recursos/axudas/orde-do-13-de-xuno-de-2018-pola-que-se-establecen-bases-que-rexeran-concesion-de>



4. Xustificación de actuacións de conciliación, mediación intercultural, asesoramento técnico especializado en materia de estranxeiría, intervención en territorios de exclusión severa/dinamización comunitaria e inclusión residencial

Requisitos para optar a subvención	<p>Son subvencionables os programas de dinamización social en territorios en exclusión severa, entendidos como tales os territorios dispersos que sufran dunha recente perda de poboación ou teñan dificultades de comunicación por estrada. Estas actuacións deben estar dirixidas por persoal dinamizador ou experto. O obxectivo de esta actuación é establecer espazos de comunicación para debater problemáticas, compartir experiencias, vivencias e aprendizaxes. Comprenderá as prestacións de dinamización social comunitaria.</p> <p>A prestación de apoio á conciliación prestarase no marco dun servizo de apoio á inclusión sociolaboral, tanto na sección de inclusión básica como na sección de inclusión e transición ao emprego, ou cando se trate dunha prestación vinculada directamente a un servizo de formación adaptada. Consistirá na posta a disposición de servizos de atención persoal e/ou familiar, no fogar ou nun recurso comunitario, dirixidos a facilitar a participación das persoas nas accións comprendidas nos seus proxectos de inclusión sociolaboral ou en formación adaptada complementaria.</p> <p>A prestación de Mediación social e/u intercultural será subvencionable no marco do desenvolvemento do servizo de apoio a inclusión sociolaboral de xeito independente ao resto das prestacións incluídas neste servizo cando os destinatarios sexan persoas inmigrantes participantes nos programas dirixido de forma específica a este colectivo (artigo 4.1.b.3º). A realizar por persoal especializado dirixido a facilitar a comunicación e a convivencia entre persoas procedentes de diferentes culturas. Este programa deberá realizarse a través de acompañamento presencial e poderán complementarse con accións de sensibilización na contorna máis próxima das persoas coas que se leva a cabo a mediación, que non poderán representar máis dun 7% do importe da axuda concedida para esta actuación. Non serán subvencionables campañas publicitarias de sensibilización.</p> <p>Na prestación de asesoramento legal en materia de estranxeiría é subvencionable o acompañamento na realización de tramites, asesoramento e apoio nos tramites necesarios para obter as autorizacións e renovación de residencia, homologación de títulos, reagrupamentos familiares, nacionalidade e demais cuestións relacionadas coa normativa española en materia de estranxeiría.</p>
Cantidade subvencionable	<p>Os módulos aplicados son os sinalados no documento "Módulos aplicados as prestacións de inclusión e inmigración" : https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/modulos_aplicados_2022.pdf</p> <p>A cantidade máxima subvencionable é de 39.000€ en todo o período da convocatoria para cada actuación.</p>
Documentación a presentar	<p>Documentación a presentar para as actuacións rematadas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Solicitude de pagamento final: Anexo V (a disposición na SEDE electrónica) • Declaración responsable no Anexo VI (a disposición na SEDE electrónica)



- Memoria económica e xustificativa no **Anexo VII** (a disposición na SEDE electrónica)
 - Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas no **Anexo IX** (a disposición na SEDE electrónica) **ou Documentación acreditativa** das ditas circunstancias, en caso de oposición da persoa traballadora.
 - Memoria da actuación segundo **Anexo VIII** (Publicado xunto co texto da Orde de convocatoria)
 - **Follas mensuais** comprensivas da totalidade das horas dedicadas o programa, asinadas polo traballador/a e a persoa responsable da entidade, na que conste un resumo do total de horas nos períodos subvencionados:
https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_follas_mensuais_horas_traballador_2022.xls
 - **Declaración responsable no modelo establecido pola Dirección Xeral de Inclusión.** Documento que acredita que as persoas realizaron as prestacións obrigatorias, que se extrae da aplicación informática de INCLUSIÓN SOCIAL.
 - No caso da inclusión residencial, dirixida a **persoas sen fogar e/ou que estean en situación de exclusión severa, certificado** emitido por profesional competente acreditando esta situación:
https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/21-07-2022_modelo_certificado_exclusion_severa_2022.doc
-